

**AUXILIAR
ADMINISTRATIVO/A
GALEGO**

1. Segundo o artigo 19 da Constitución Española:

- a) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional.
- b) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio da Unión Europea, nos termos que a lei estableza.
- c) Os cidadáns da Unión Europea teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional.
- d) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional. Este dereito poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos.

2. Segundo o artigo 23 da Constitución Española, teñen dereito a participar nos asuntos públicos:

- a) Os españois de orixe.
- b) As persoas que forman parte dos partidos políticos.
- c) Os cidadáns.
- d) Os españois maiores de idade.

3. Segundo o artigo 27.4 da Constitución Española, a ensinanza básica é:

- a) Obrigatoria pero non gratuíta.
- b) Obrigatoria e gratuíta
- c) Gratuíta pero non obrigatoria.
- d) Nin obrigatoria nin gratuíta.

4. Segundo o artigo 28.2 da Constitución Española:

- a) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras e empresarios/as para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
- b) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras, empresarios/as e autónomos/as para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
- c) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras e autónomos/as economicamente dependentes para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

d) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras para a defensa dos seus intereses. A lei que regule este dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

5. Un dos seguintes NON é un obxecto da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, de acordo co seu artigo 1:

- a) Regular a xestión da prestación do servizo público de comunicación audiovisual das comunidades autónomas.
- b) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal.
- c) Establecer determinadas normas aplicables á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- d) Establecer as normas básicas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual autonómico.

6. Segundo o artigo 3.1 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual:

- a) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador de dito servizo se encontre establecido en España, salvo que estea situado nunha única Comunidade Autónoma. Neste último caso a competencia será exclusiva e excluínte de dita Comunidade Autónoma.
- b) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador de dito servizo se encontre establecido nun estado membro da Unión Europea.
- c) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que o prestador de dito servizo se encontre establecido en España
- d) O servizo de comunicación audiovisual está suxeito ao disposto nesta lei sempre que a sinal de dito servizo se reciba en España.

7. O artigo 6.1 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, dispón que a comunicación audiovisual transmitirá unha imaxe igualitaria e non discriminatoria de mulleres e homes de forma que:

- a) Non favorecerá, directa ou indirectamente, situacións de desigualdade das mulleres.
- b) Non favorecerá, directa ou indirectamente, situacións que inciten á violencia sexual ou de xénero .
- c) Non favorecerá, directa ou indirectamente, situacións de discriminación por razón de sexo.
- d) Non favorecerá, directa ou indirectamente, situacións de discriminación por razón de xénero.

8. O artigo 8 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, recolle unha das seguintes previsións respecto das linguas oficiais das comunidades autónomas:

- a) Promoverá o seu coñecemento.
- b) Promoverá a súa utilización.
- c) Promoverá a súa difusión.
- d) Non contén ningunha previsión sobre as linguas oficiais das comunidades autónomas.

9. O artigo 9 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, NON recolle que os noticiarios e os programas de contido informativo deban respectar unha das seguintes particularidades:

- a) A calidade da información.
- b) A diferenciación clara e comprensible entre información e opinión.
- c) A inclusión de temas de interese para todas as idades.
- d) O fomento da libre formación de opinión do público.

10. No artigo 10 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, recóllense as medidas para adquirir e desenvolver as capacidades de alfabetización mediática en todos os sectores da sociedade. Cal das seguintes entidades NON se menciona no artigo:

- a) A autoridade audiovisual competente.
- b) Os prestadores do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- c) Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual intercomunitario con ánimo de lucro.
- d) Os prestadores do servizo de comunicación audiovisual comunitario sen ánimo de lucro.

11. NON é un principio xeral da comunicación audiovisual recollido no Título I da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual.

- a) A dignidade humana.
- b) O pluralismo.
- c) O uso responsable dos dispositivos dixitais.
- d) A igualdade de xénero e imaxe das mulleres.

12. Segundo o artigo 5 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia:

- a) A edición dos servizos informativos e programas debe ser realizada por profesionais propios da CRTVG, sen prexuízo de que a realización e outros elementos accesorios da cadea de produción poidan ser obxecto de contratación externa.
- b) A realización e a edición dos servizos informativos non poden ser cedidas a terceiros, nin calquera dos elementos da cadea de produción referida aos servizos informativos pode ser obxecto de contratación externa.
- c) A realización e a edición dos servizos informativos non poden ser cedidas a terceiros, sen prexuízo de que os elementos accesorios da cadea de produción poidan ser obxecto de contratación externa.
- d) A realización e a edición dos servizos informativos poden ser cedidas a terceiros, así como os elementos accesorios da cadea de produción poden ser obxecto de contratación externa.

13. Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG é:

- a) Unha sociedade mercantil pública autonómica non integrada no sector público autonómico.
- b) Unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico.
- c) Unha sociedade limitada pública autonómica integrada no sector público autonómico.
- d) Unha sociedade limitada pública autonómica non integrada no sector público autonómico.

14. A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 11 sinala que a disolución da Corporación RTVG requirirá:

- a) O acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia e do Parlamento de Galicia.
- b) O acordo favorable do Parlamento de Galicia.
- c) O acordo favorable do Consello da Xunta, oído o Parlamento de Galicia.
- d) O acordo favorable do Consello da Xunta previo ditame favorable do Consello de Administración da CRTVG.

15. O artigo 13 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece que o Consello de Administración da CRTVG componse de:

- a) Cinco membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- b) Sete membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- c) Nove membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- d) Nove membros elixidos polo Parlamento de Galicia.

16. O artigo 14 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece que os membros do Consello de Administración da CRTVG son elixidos polo Parlamento de Galicia por:

- a) Maioría de dous terzos. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente para a elección unha maioría de tres quintos.
- b) Maioría de dous terzos. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente unha maioría absoluta.
- c) Maioría absoluta. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación, será suficiente para a elección unha maioría simple.
- d) Maioría absoluta. Se esta maioría non se consegue no prazo de tres meses desde a primeira votación renovarase o mandato do anterior consello polo prazo de dous anos.

17. Segundo o artigo 19.1 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a función de aprobar as directrices básicas en materia de persoal e o cadro de persoal é competencia do/a:

- a) Dirección Xeral.
- b) Dirección Xeral o persoa na que este delegue.
- c) Consello de Administración.
- d) Xerencia.

18. Segundo o artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal das seguintes se considera unha relación laboral de carácter especial:

- a) Administradores/as de empresas mercantís.
- b) Persoas traballadoras por conta allea a tempo parcial.
- c) Accionistas de sociedades mercantís.
- d) Persoas traballadoras con discapacidade que presten os seus servizos en centros especiais de emprego.

19. Segundo o artigo 21.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración máxima do pacto de non competencia para despois de extinguido o contrato de traballo será de:

- a) Dous anos para os técnicos e seis meses para os demais traballadores.
- b) Seis meses para os técnicos e dous anos para os demais traballadores.
- c) Dous anos para calquera persoa traballadora.
- d) Seis meses para calquera persoa traballadora.

20. Segundo o artigo 39.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no caso de mobilidade funcional:

- a) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes ás funcións que efectivamente realice sexan superiores ou inferiores ás establecidas para a súa categoría ou grupo profesional.
- b) A persoa traballadora terá dereito á retribución correspondente ás funcións que efectivamente realice, agás nos casos de encomenda de funcións inferiores, nos que manterá a retribución de orixe.
- c) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes á categoría profesional que conste no seu contrato de traballo.
- d) A persoa traballadora pode realizar funcións inferiores pero non superiores ás recollidas no seu contrato de traballo.

21. Unha das seguintes respostas NON está recollida no artigo 46.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, respecto da excedencia forzosa:

- a) Dá dereito á conservación do posto.
- b) Concederase pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo.
- c) Terá como máximo unha duración de dous anos, agás que se estableza unha duración superior por negociación colectiva.
- d) Dá dereito ao cómputo da antigüidade da súa vixencia.

22. É unha causa de extinción do contrato por causas obxectivas prevista no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- a) As modificacións substanciais nas condicións de traballo levadas a cabo que redunden no menoscabo da dignidade da persoa traballadora.

- b) Por falta de adaptación da persoa traballadora ás modificacións técnicas operadas no seu posto de traballo, cando os ditos cambios sexan razoables.
- c) A falta de pagamento ou retrasos continuados no aboamento do salario pactado.
- d) Calquera incumprimento grave das súas obrigas por parte do empresario.

23. Segundo o artigo 62.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, os delegados e as delegadas de persoal son:

- a) Os integrantes de cada unha das seccións sindicais constituídas nunha empresa ou centro de traballo con máis de 250 traballadores e traballadoras.
- b) Aos que lle corresponde a representación do persoal na empresa ou centro de traballo que teña menos de 50 e máis de 10 traballadores e traballadoras.
- c) Os integrantes do comité de empresa de centros de traballo que teñan máis de 50 traballadores.
- d) Aos que lle corresponde a representación do persoal na empresa ou centro de traballo que teña menos de 10 e máis de 3 traballadores e traballadoras.

24. Unha das seguintes garantías para os membros do comité de empresa NON está contemplada no artigo 68 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- a) Apertura de expediente contradictorio no suposto de sancións por faltas graves ou moi graves.
- b) Promoción económica ou profesional preferente en razón, precisamente, do desempeño da súa representación.
- c) Prioridade de permanencia na empresa ou centro de traballo respecto dos demais traballadores, nos supostos de suspensión ou extinción por causas tecnolóxicas ou económicas.
- d) Dispoñer dun crédito de horas mensuais retribuídas para o exercicio de funcións de representación.

25. Só unha das seguintes previsións é certa, de acordo co que dispón o artigo 73.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, respecto das mesas electorais.

- a) O presidente será o traballador ou traballadora de máis idade na empresa.
- b) Un dos vogais será o elector de maior antigüidade.
- c) O vogal de maior idade será o secretario.
- d) O presidente será o traballador ou traballadora de máis antigüidade na empresa.

26. Segundo o artigo 77.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, as asembleas de persoas traballadoras poden ser convocadas:

- a) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo, ou por un número de persoas traballadoras non inferior ao cincuenta por cento do cadro de persoal.
- b) Polo Comité de empresa ou centro de traballo sempre e cando a proposta de convocatoria sexa aprobada pola maioría simple do cadro de persoal.
- c) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo, ou por un número de persoas traballadoras non inferior ao trinta e tres por cento do cadro de persoal.
- d) Polos delegados de persoal, o Comité de empresa ou centro de traballo sempre e cando a convocatoria sexa aprobada pola maioría cualificada do cadro de persoal.

27. Segundo o artigo 28.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nas relacións de traballo a través de empresas de traballo temporal, quen é responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras?:

- a) A empresa de traballo temporal.
- b) A empresa usuaria.
- c) A persoa traballadora.
- d) O comité de empresa.

28. Segundo o artigo 2 da lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais quen debe participar nas medidas de prevención de riscos laborais?

- a) Só os empresarios.
- b) Empresarios, persoas traballadoras e as súas organizacións representativas.
- c) Exclusivamente as administracións públicas.
- d) Ningún grupo específico, é unha responsabilidade individual.

29. Segundo o artigo 11.1 do Convenio Colectivo da CRTVG, a Comisión paritaria está composta por:

- a) Doce membros: seis representantes da empresa e outros seis das organizacións asinantes do convenio.
- b) Doce membros: seis representantes da empresa e outros seis das organizacións negociadoras do convenio.

- c) Dez membros: cinco representantes da empresa e outros cinco das organizacións negociadoras do convenio.
- d) Dez membros: cinco representantes da empresa e outros cinco das organizacións asinantes do convenio.

30. Segundo o artigo 18.2 do Convenio Colectivo da CRTVG, para participar na quenda de promoción interna as persoas interesadas deberán ter unha antigüidade mínima de:

- a) Un ano como persoal laboral fixo ou temporal.
- b) Dous anos como persoal laboral temporal.
- c) Un ano como persoal laboral temporal.
- d) Un ano como persoal laboral fixo.

31. Segundo o artigo 15.1 do Convenio Colectivo de CRTVG, o cadro de persoal da empresa está composto por:

- a) O número de prazas establecidas pola Dirección Xeral de Medios, previa negociación coa Dirección da CRTVG.
- b) O número de prazas autorizadas polo órgano previsto na Lei dos medios públicos de comunicación de Galicia e polos órganos competentes da Xunta de Galicia. A aprobación correspóndelle ao Consello de Administración.
- c) O número de prazas determinadas directamente polo Consello de Administración da CRTVG.
- d) O número de prazas autorizadas pola Dirección de Recursos Humanos da CRTVG.

32. Segundo o artigo 61 do Convenio Colectivo da CRTVG, o complemento de dispoñibilidade aplicarase ao persoal que, previa designación pola empresa, polas características do seu posto de traballo, voluntariamente estea disposto a:

- a) Realizar funcións de coordinación ou mando, ou cando se lle esixa unha responsabilidade de cualificada complexidade que exceda do normal esixible a súa categoría profesional.
- b) Realizar modificacións constantes da súa xornada e do seu horario de luns a venres.
- c) Realizar modificacións constantes da súa xornada e do seu horario de luns a domingo.
- d) Realizar gardas no seu tempo de descanso.

33. Segundo o artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, quen accede por calquera título a un novo posto do sector público que conforme esta Lei resulte incompatible co que viñesen desempeñando terán que optar por un deles:

- a) Dentro do prazo de toma de posesión.
- b) Dentro dos dez primeiros días de prazo de toma de posesión.
- c) Dentro dos dous primeiros días do prazo de toma de posesión.
- d) Dentro dos cinco primeiros días do prazo de toma de posesión.

34. Segundo o artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas:

- a) Que a cantidade percibida por ambos os postos non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Ministro.
- b) Que o funcionario renuncie ao complemento específico sempre que este supere o 30% do soldo basee.
- c) Que a cantidade percibida por ambos os postos non supere a correspondente ao principal estimada nun 60%.
- d) Que a cantidade percibida por ambos os postos non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral.

35. Segundo o artigo 79 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os dereitos e liberdades consagrados na Constitución e nos Tratados e Convenios Internacionais dos que España sexa parte son:

- a) Aplicables na internet cando así o estableza unha norma con rango de lei.
- b) Plenamente aplicables na internet.
- c) Aplicables na internet cando así o estableza unha lei orgánica.
- d) Aplicables na internet cando así o estableza unha disposición administrativa de carácter xeral.

36. Segundo o artigo 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, constituída por órganos xerárquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa:

- a) Con personalidade xurídica única.
- b) Con personalidade xurídica propia.
- c) Con personalidade xurídica diferenciada.

d) Con personalidade xurídica individual.

37. Segundo o artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cando entre os órganos delegante e delegado non exista relación xerárquica e pertenzan á mesma consellería para delegar a competencia será necesaria a aprobación previa:

- a) Do órgano superior común
- b) Do Consello da Xunta.
- c) Da persoa titular da Consellería.
- d) Do órgano inmediatamente superior do órgano delegante.

38. O artigo 52 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, crea o rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Na Consellería competente en materia de administracións públicas.
- b) Na Consellería competente en materia de facenda.
- c) Na Consellería competente en materia de economía.
- d) Na Consellería de Presidencia.

39. Segundo o artigo 14 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, nos nomeamentos de altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Garantirase que polo menos un 60% do altos cargos sexan mulleres.
- b) Atenderase ao principio de presenza equilibrada.
- c) Tentarase, na medida dos posible, favorecer o nomeamento de mulleres.
- d) Garantirase que polo menos un 75% dos altos cargos sexan mulleres.

40. Segundo o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas:

- a) No momento en que se produza o acceso ao seu contido.
- b) Ás vinte e catro horas seguintes en que se produza o acceso ao seu contido.
- c) No momento en que se poña ao alcance do interesado o contido da notificación.
- d) Ás vinte e catro horas seguintes en que se poña ao alcance do interesado o contido da notificación.

41. Segundo o artigo 51 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administración Públicas, o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións dispoñerá:

- a) A eliminación de todos os actos e trámites cuxo contido se mantivese igual de non cometerse á infracción.
- b) Sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantivese igual de non cometerse a infracción.
- c) A retroacción de todas as actuacións ao momento anterior ao ditado no acto nulo.
- d) A retroacción unicamente das actuacións que sexan desfavorables ao interesado.

42. Segundo o artigo 87 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administración Públicas, o acordo de realización de actuacións complementarias:

- a) Publicarase no BOE.
- b) Notificarase aos interesados.
- c) Non é necesario notificalo aos interesados, pero se deberá comunicar o resultado dos informes que preceden á resolución do procedemento.
- d) Non é necesario notificalo aos interesados, pero se deberá dar traslado das alegacións orixe das actuacións.

43. Segundo o artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administración Públicas, cando a Administración acorde de oficio a tramitación simplificada do procedemento deberá notificalo aos interesados. Se algún deles manifestara a súa oposición expresa:

- a) A administración dará audiencia aos interesados.
- b) A administración abrirá un período de proba solicitando os informes que considere preceptivos.
- c) A Administración deberá seguir a tramitación ordinaria.
- d) Contra o acordo non cabe oposición nin recurso algún.

44. Segundo o artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administración Públicas, contra as disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) Non caberá recurso en vía Administrativa.
- b) Caberá recurso en vía Administrativa.

- c) Caberá o recurso extraordinario de revisión.
- d) Caberá o recurso de alzada.

45. Segundo o artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, terán a consideración de órganos administrativos:

- a) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, sempre que a súa actuación teña carácter preceptivo.
- b) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- c) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, salvo que a súa actuación teña carácter preceptivo.
- d) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, sempre que a súa actuación teña carácter vinculante.

46. Segundo o artigo 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- a) A competencia é irrenunciable.
- b) A competencia é renunciabile.
- c) Non se pode delegar o exercicio da competencia.
- d) Non se pode desconcentrar a titularidade e o exercicio da competencia.

47. Segundo o artigo 25 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a potestade sancionadora das Administracións Públicas exercerase cando fose expresamente recoñecida por:

- a) Unha norma con rango de Lei.
- b) Unha norma con rango de Lei ou regulamento.
- c) Unha disposición administrativa de carácter xeral.
- d) Un regulamento.

48. Segundo o artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- a) Os órganos colexiados poderán ter un Secretario.
- b) Os órganos colexiados terán un Secretario que será en todo caso un membro do propio órgano.

- c) Os órganos colexiados terán un Secretario que será unha persoa ao servizo da Administración Pública correspondente.
- d) Os órganos colexiados terán un Secretario que poderá ser un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración Pública correspondente.

49. Segundo o artigo 27 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as infraccións administrativas clasificaranse:

- a) Pola lei en leves, graves e moi graves.
- b) Pola lei en leves e graves.
- c) Pola lei ou regulamento en leves, graves e moi graves.
- d) Pola lei ou regulamento en leves e graves.

50. Segundo o artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, cando da xestión dimanante de fórmulas conxuntas de actuación entre varias Administracións públicas derive responsabilidade nos termos previstos na devandita lei, as Administracións intervincentes responderán fronte ao particular:

- a) En todo caso, de forma mancomunada.
- b) En todo caso, de forma individual.
- c) En todo caso, na forma prevista regulamentariamente.
- d) En todo caso, de forma solidaria

51. Segundo o artigo 81 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, deberán establecer un sistema de supervisión continua das súas entidades dependentes:

- a) Todas as Administracións Públicas.
- b) Os organismos e entidades que así o prevexan nos seus Estatutos.
- c) As Comunidades Autónomas nos termos que establezan os seus Estatutos de Autonomía.
- d) Exclusivamente a Administración Xeral do Estado.

52. Segundo o artigo 36 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición perfecciónanse:

- a) Coa súa formalización.
- b) Coa súa adxudicación.
- c) Coa súa concesión.
- d) Coa súa publicación.

53. Segundo o artigo 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o elemento que agrupa a información e documentos relativos á actividade contractual dos órganos de contratación co obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público aos mesmos difundirase a través de:

- a) Anuncio de licitación.
- b) Expediente de contratación.
- c) Perfil do contratante.
- d) Prego de particulares.

54. A garantía provisional extinguirase automaticamente, segundo artigo 106 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e:

- a) Será devolta aos licitadores un mes despois da concesión do contrato.
- b) Será devolta aos licitadores un mes despois da constitución do contrato.
- c) Será devolta aos licitadores inmediatamente despois da perfección do contrato.
- d) Será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato.

55. Segundo o artigo 5 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, o réxime e a concesión de avais e outras garantías pola Comunidade Autónoma:

- a) Regularanse por Decreto.
- b) Regularanse por Lei Orgánica.
- c) Regularanse por Lei do Parlamento de Galicia.
- d) Regularanse regulamentariamente.

56. Segundo o artigo 16 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, a administración xeral dos recursos da Facenda Pública galega, así como a dirección e a coordinación xeral dos seus procedementos, corresponde:

- a) Ao Consello da Xunta.
- b) Ao Parlamento de Galicia.
- c) Á presidencia da Xunta.
- d) Á Consellería de Economía e Facenda

57. Segundo o artigo 21 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia:

- a) As cantidades debidas á Facenda da Comunidade Autónoma devindicarán xuros de mora desde o día seguinte ao do seu vencemento.
- b) As cantidades debidas á Facenda da Comunidade Autónoma non devindicarán intereses de demora.
- c) As cantidades debidas á Facenda da Comunidade Autónoma devindicarán intereses de demora transcorridos tres meses desde o día da notificación da resolución xudicial.
- d) As cantidades debidas á Facenda da Comunidade Autónoma devindicarán intereses de demora transcorridos tres meses desde o recoñecemento da obrigaón.

58. Segundo o artigo 52 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma remitirase ao Parlamento de Galicia:

- a) Antes do 20 de outubro.
- b) Antes do 30 de xuño.
- c) Antes do 31 de decembro.
- d) Antes do 20 de setembro.

59. Segundo o artigo 55 bis. do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, o Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria:

- a) Dotarase por importe conxunto do 2% do total dos recursos propios para operacións non financeiras.
- b) Dotarase por importe conxunto do 5% do total dos recursos propios para operacións non financeiras.
- c) Dotarase por importe conxunto do 2% do total dos recursos propios para operacións financeiras.
- d) Dotarase por importe conxunto do 5% do total dos recursos propios para operacións financeiras.

60. Segundo o artigo 3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as disposicións do capítulo II do título I da lei serán tamén aplicables ás entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou

cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública:

- a) Sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 25.000 euros.
 - b) Sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 50.000 euros.
 - c) Sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.
 - d) Sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 15.000 euros.
61. Segundo o artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as solicitudes relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración:
- a) Admitiranse.
 - b) Inadmitiranse a trámite.
 - c) Admitiranse sempre que non supoñan unha carga excesiva de traballo para a unidade tramitadora.
 - d) Admitiranse sempre que a súa tramitación non prexudique o normal funcionamento da unidade tramitadora.
62. Segundo o artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse ao solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaron:
- a) No prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
 - b) No prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
 - c) No prazo máximo de tres meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
 - d) No prazo máximo de seis meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
63. O dicionario de sinónimos en Word 2019, atópoo en:
- a) Buscar.
 - b) Inserir.
 - c) Revisar.
 - d) Idioma.
64. Se quero inserir un índice ao meu documento de Word 2019, debo facelo desde:

- a) Referencias.
- b) Inicio.
- c) Revisar.
- d) Inserir.

65. A opción gardar como RTF en Word 2019:

- a) Permite converter e gardar o documento en PDF.
- b) Permite gardar o documento no formato dun bloc de notas.
- c) Permite gardar o documento en formato de texto enriquecido.
- d) Permite gardar o documento de texto revisado e asinado.

66. Se quero copiar formato co teclado en Word 2019, debo facer a seguinte combinación de teclas:

- a) Ctrl + C
- b) Ctrl + Alt + C
- c) Ctrl + Mayús + C
- d) Non se pode copiar só o formato.

67. A combinación de teclado Mayús + F3 que efecto produce en Word 2019

- a) Alterna entre TODO MAYUSCULAS/primeira letra en maiúsculas/todo minúsculas.
- b) Escribe todo MAIÚSCULAS.
- c) Diminúe o tamaño da fonte.
- d) Aumenta o tamaño da fonte.

68. Como se denomina en Word 2019 a distancia que existe entre a marxe e o texto dun documento?

- a) Encadernación
- b) Sangría
- c) Marxe
- d) Entreliñado

69. Con que atallo de teclado se aplica a aliñación ao centro dun parágrafo en Writer 7.1?

- a) Ctrl + E
- b) Ctrl + G
- c) Ctrl + T
- d) Ctrl + H

70. Con cal das seguintes fórmulas en Calc 7.1 podemos calcular o número de celas do rango A1:D13?

- a) =CONTARA(A1:D13)
- b) =CONTARA(A1:D13)+CONTA.BLANCO(A1:D13)
- c) =CONTA(A1:D13)+CONTA.BLANCO(A1:D13)
- d) =FILAS(A1:D13)*COLUMNAS(A1:D13)

71. Supoñamos que na cela A1 dun libro de Calc 7.1 que acabamos de abrir escribimos =ARREDONDAR(123,987;1), cal é o resultado que se mostra en A1?

- a) 123,9
- b) 123
- c) 124
- d) Err:508

72. Nunha folla de Calc 7.1, sabendo que no rango A1:A8 están introducidos os seguintes valores numéricos respectivamente: 4,4,4,2,3,2,2,5 podemos afirmar que:

- a) =MODO(A1:A8) ten por resultado 2
- b) =MEDIANA(A1:A8) ten por resultado 3
- c) =MEDIA(A1:A8) ten por resultado 3
- d) =MEDIA(A1:A8) ten por resultado 3,5

73. En Writer 7.1, cales son as aliñacións Texto a texto que se poden aplicar?

- a) Arriba, medio e abaixo.
- b) Superior, inferior, centrado e xustificado.
- c) Arriba, medio e liña de base.
- d) Liña de base, superior, centro e inferior.

74. Cal dos seguintes Efectos tipográficos de maiusculación NON existe en Writer 7.1?

- a) minúsculas
- b) Maiúsculas Iniciais
- c) maiúsculaS finaiS
- d) Versalitas

75. Cal das seguintes opcións non é unha función de Excel 2009?

- a) MEDIABD
- b) BUSCARV
- c) TRUNCAR
- d) BUSCARH

76. En que se diferencian as funcións CONTAR e CONTARA de Excel 2019?

- a) A primeira conta números e a segunda conta textos
- b) A primeira conta números e a segunda conta números e textos
- c) A primeira conta números e textos e a segunda conta números
- d) A primeira conta números e a segunda conta números, textos e celas baleiras

77. Que tipo de gráficos NON existe en Excel 2019?

- a) Columnas ou barras
- b) Caixas e bigotes
- c) Piramidal
- d) Dispersión ou de burbulla

78. Cal das seguintes respostas NON é unha categoría de función en Excel 2019?

- a) Enxeñaría
- b) Compatibilidade
- c) Básicas
- d) Financeiras

79. Cal dos seguintes tipos de referencias a celas NON existe en Excel 2019?

- a) Cruzada
- b) Absoluta
- c) Mixta
- d) Relativa

80. Seleccione o efecto que ten a utilidade "Protexer folla" en Excel 2019

- a) Protexe as celas seleccionadas
- b) Protexe todas as follas do libro
- c) Protexe todas as celas da folla activa
- d) Protexe todas as celas seleccionadas da folla activa

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR NA FOLLA DE RESPONSTAS A PARTIR DO NÚMERO 141

1. Segundo o artigo 4 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, non será imputable ao responsable do tratamento, sempre que este adoptase todas as medidas razoables para que se supriman ou rectifiquen sen dilación, a inexactitude dos datos persoais, con respecto aos fins para os que se tratan, cando os datos inexactos:

- a) Fosen obtidos polo responsable directamente do afectado.
- b) Fosen obtidos de familiares de primeiro grao de consanguinidade do afectado.
- c) Fosen obtidos de familiares de ata segundo grao de consanguinidade do afectado.
- d) Todas son correctas.

2. Segundo o artigo 5 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a protección das vítimas de violencia de xénero:

- a) É un principio que obriga a que as actividades profesionais de atención directa ás vítimas se leve a cabo exclusivamente por mulleres.
- b) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución ás mulleres das actividades profesionais de atención directa a esas vítimas.
- c) É un principio informador do ordenamento xurídico autonómico.
- d) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución aos homes das actividades profesionais de atención directa a esas vítimas.

3. Segundo o artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sinala que a caducidade:

- a) Non producirá por se soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, pero os procedementos caducados interromperán o prazo de prescrición.
- b) Non producirá por se soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, pero os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.
- c) Producirá por se soa a prescrición das accións.
- d) Producirá por se soa a prescrición das accións e os procedementos caducados interromperán o prazo de prescrición.

4. Segundo o artigo 59 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, contra a resolución do recurso especial:

- a) Só caberá a interposición do recurso de alzada.
- b) Só caberá a interposición de recurso contencioso administrativo.
- c) Só caberá a interposición de recurso contencioso administrativo e do recurso de alzada.
- d) So caberá recurso de casación.